



Concello de Vimianzo

MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 27/09//2014

Na vila de Vimianzo, ás once horas do día vinte e sete de setembro de dous mil catorce, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.^a María José Ramos Rey
D. José Trillo Lema
D. José Antonio Miñones Riveiro
D. Manuel Soto Pérez
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D.^a María Carmen Hermida Tomé
D. Juan Carlos Amado Sambade
D. Juan Silva Jallas
D. José Manuel Rodríguez Blanco
D.^a Montserrat Vázquez Miñones

Ausentes:

D. José Manuel Pérez Trillo

Secretaria: D.^a María Cristina Varela García

Interventora: D.^a Gema Leal Ínsua

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

1. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 30 de agosto de 2014.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Queda aprobada a acta da sesión ordinaria do 30 de agosto de 2014 ao non formularse observacións.

2. Declaración de dous vehículos municipais como efectos non utilizables.

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta do ditame da Comisión informativa de Réxime Interior celebrada o 23 de setembro de 2014, do que se transcribe só a parte dispositiva:

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, por unanimidade dos seus membros presentes, ditaminou favorablemente a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO.- Declarar os vehículos que a continuación se relacionan como efectos non utilizables, por atoparse nun deficiente estado de conservación:

- SENIOR 150 DH, marca AUSA, C-96475-VE
- FIORINO FD, marca FIAT. C-0733-AZ

SEGUNDO.- *Reflectir na rectificación do Inventario Xeral a alteración que sufriu o ben."*

O alcalde explica que se trata de dous vehículos que polo seu estado de deterioro xa non serven aos fins para os que foron adquiridos e deben darse de baixa.

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, que representa a maioría absoluta do número legal de membros, aproba o ditame da comisión, que queda elevado a acordo.

3. Expediente de modificación orzamentaria mediante suplemento de crédito SC/02/2014.

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta do ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, celebrada o 23 de setembro de 2014, do que se transcribe só a parte dispositiva:

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, Facenda, Orzamentos e Asuntos Económicos, por dous votos a favor do BNG e dúas abstencións de PSOE e PP, ditaminou favorablemente a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito SC/02/2014, co seguinte detalle;

- Aprobación de suplemento de crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan de seguido, por importe total de 235.295,31 €.

A) REPOSICIÓN CRÉDITO APLICACIÓN GASTOS CONTA 413

FUNCIONAL	ECONOMICO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
132	21400	Reparacións, mantemento e conservación. Elementos de transporte. Seguridade e orde pública.	413,39
132	22103	Subministro. Combustibles e carburante. Seguridade e orde pública.	438,35
134	20300	Arrendamento de maquinaria, instalacións e útiles. Protección civil.	888,13
134	21300	Reparacións, mantemento e conservación. Maqu., instalac, e útiles. Protección civil.	532,39
134	21400	Reparacións, mantemento e conservación. Elementos de transporte. Protección civil	564,00
134	22100	Subministro de Enerxía eléctrica. Protección civil.	571,36
134	22103	Subministro de combustibles e carburantes. Protección civil	2.268,07
134	22113	Subministro manutención de animais. Protección civil	25,00
134	22199	Outros subministros. Protección civil	1.522,74
151	22799	Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	7.445,26
155	21000	Infraestruturas e bens naturais. Vías públicas	1.367,87
155	22199	Outros subministros. Vías públicas.	7.934,46
161	21000	Reparacións e mantemento e conservación de infraestruturas e bens naturais. Saneamento e abastecemento de auga.	72,60
161	21300	Reparación, mantemento e conservación de maquinaria instalacións e utillaxe. Saneamento e abastecemento de auga.	2.192,02
161	22100	Subministro de enerxía eléctrica. Saneamento e abastecemento de auga.	13.669,80
161	22103	Subministro de combustible e carburante. Saneamento e abastecemento de auga.	420,76
161	22199	Outros subministros. Saneamento e abastecemento de auga.	5.450,07
161	22799	Outros gastos diversos. Saneamento abastecemento de auga.	1.023,60
162	21400	Reparacións, mantemento e conservación. Elementos de transporte. Saneamento e abastecemento de auga.	450,31
162	22100	Subministro enerxía eléctrica. Recollida eliminación e tratamento de residuos	27,02
162	22103	Subministro combustible e carburante. Recollida eliminación e tratamento de residuos	2.507,67
162	22799	Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais. Recollida eliminación e tratamento de residuos	28.480,58
165	21000	Reparación, mantemento e conservación. Edificios e outras construcións.	3.696,01



Concello de Vimianzo

FUNCIONAL	ECONOMICO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
		Alumeado público.	
165	22100	Subministro. Enerxía eléctrica. Alumeado público.	30.192,23
165	22103	Subministro combustible e carburante. Alumeado público.	159,44
165	22199	Outros subministros. Alumeado público.	128,02
171	21300	Reparacións, mantemento e conservación. Maquinaria, instalacións e utillaxe. Parques e xardíns.	202,42
171	22103	Subministro combustible e carburante. Parques e xardíns	178,47
171	22199	Outros subministros. Parques e xardíns	283,97
231	22100	Subministro de enerxía eléctrica. Acción social	347,10
231	48000	Subvencións a familias e institucións sen fins de lucro. Acción Social	50,00
232	22110	Subministro produtos de limpeza e aseo. Promoción social	52,75
241	22000	Material de oficina ordinario non inventariable. Fomento de emprego	2.282,16
241	22002	Material de oficina informático non inventariable. Fomento de emprego.	698,40
241	22199	Outros subministros. Fomento de emprego	3.055,31
241	22699	Outros gastos diversos. Fomento de emprego	4.053,50
321	21200	Reparación mantemento e conservación . Edificios e outras construcións. Educación preescolar e primaria.	3.182,37
321	22100	Subministro de enerxía eléctrica. Educación preescolar e primaria.	83,11
321	22110	Subministro produtos de limpeza e aseo. Educación preescolar e primaria	123,95
321	22700	Traballos realizados por outras empresas e profesionais limpeza e aseo . Educación preescolar e primaria.	1.833,59
332	22001	Material de oficina Prensa revistas e libros . Bibliotecas e arquivos.	522,01
333	22100	Subministro de enerxía eléctrica. Museos e artes plásticas.	1.095,27
333	22199	Outros subministros. Museos e artes plásticas	32,00
333	22799	Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais. . Museos e artes plásticas	41.499,92
334	21200	Reparacións, mantemento e conservación. Edificios e outras construcións. Promoción cultural.	792,04
334	21500	Reparacións mantemento e conservación. Mobiliario e equipo de oficina. Promoción cultural.	12,25
334	22100	Subministro enerxía eléctrica. Promoción cultural.	938,80
334	22199	Outros subministros. Promoción cultural.	99,56
334	22699	Outros gastos diversos. Promoción cultural.	105,14
334	22799	Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais. Promoción cultural.	19.414,22
337	22699	Outros gastos diversos. Ocio e tempo libre	2.476,29
337	22799	Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais. Ocio e tempo libre	3.960,00
341	22199	Outros subministros. Promoción fomento e deporte.	7,04
341	22699	Outros gastos diversos. Promoción fomento e deporte	571,12
341	22799	Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais. Promoción fomento e deporte	3.661,80
342	20300	Arrendamento maquinaria, instalacións e útiles. Instalacións deportivas.	1.150,64
342	21300	Reparacións, mantemento e conservación de maquinaria instalación e utillaxe. Instalacións deportivas.	106,29
342	21500	Reparacións, mantemento e conservación . Mobiliario e equipo oficina. Instalacións deportivas.	107,42
342	22106	Subministro de produtos farmacéuticos e material sanitario. Instalacións deportivas.	156,97
342	22700	Traballos realizados por empresas e profesionais de limpeza e aseo. Instalacións deportivas.	834,21
453	21000	Reparacións mantemento e conservación de infraestrutura e bens naturais. Estradas	7.230,73
453	22199	Outros subministros. Estradas	113,50
491	22100	Subministro de enerxía eléctrica. Sociedade da información.	77,38
920	21300	Reparación, mantemento e conservación. Maquinaria instalación e utillaxe. Administración xeral	18,15
920	21400	Reparación mantemento e conservación de elementos de transporte. Administración xeral	1.288,41
920	21500	Reparación mantemento e conservación de mobiliario e equipos de oficina. Administración xeral.	132,45
920	22000	Material de oficina. Ordinario non inventariable. Administración xeral.	1.063,84
920	22100	Subministro enerxía eléctrica. Administración xeral	1.825,47
920	22103	Subministro combustible e carburantes. Administración xeral.	209,70
920	22106	Subministro produtos farmacéuticos e material sanitario. Administración xeral.	37,53
920	22199	Outros subministros. Administración xeral.	19,95

FUNCIONAL	ECONOMICO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
920	22201	Servizos postais. Administración xeral.	673,31
920	22699	Outros gastos diversos. Administración xeral.	44,74
920	22700	Traballos realizados por outras empresas e profesionais de limpeza e aseo. Administración xeral.	145,20
920	22799	Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais. Administración xeral	2.708,30
TOTAL			221.999,90 €

B) SUPLEMENTACIÓN DE CRÉDITO NECESARIO PARA ABONO PAGA EXTRA DEVENGADA DEL MES DE DICIEMBRE AL PERSONAL LABORAL

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
161 13000	Retribucións persoal laboral fixo. Saneamento e abastecemento de auga	469,01
162 13000	Retribucións persoal laboral fixo. Recollida, eliminación e tratamento de residuos.	742,49
312 13000	Retribucións persoal laboral fixo. Hospitais, servizos asistenciais e centros de saúde	283,60
332 13000	Retribucións persoal laboral fixo. Bibliotecas e arquivos	324,29
333 13000	Retribucións persoal laboral fixo. Museos e artes plásticas	255,16
920 13000	Retribucións persoal laboral fixo. Administración xeral	665,67
151 13100	Retribucións persoal laboral temporal. Urbanismo	321,55
161 13100	Retribucións persoal laboral temporal. Servizo de saneamento e abastecemento de auga.	625,43
162 13100	Retribucións persoal laboral temporal. Recollida, eliminación e tratamento de residuos.	306,71
163 13100	Retribucións persoal laboral temporal. Limpeza viaria	309,95
165 13100	Retribucións persoal laboral temporal. Alumado público	1.012,55
171 13100	Retribucións persoal laboral temporal. Parques e xardíns	357,23
232 13100	Retribucións persoal laboral temporal. Promoción social	328,51
334 13100	Retribucións persoal laboral temporal. Promoción cultural	231,58
341 13100	Retribucións persoal laboral temporal. Promoción e fomento do deporte	1.006,37
920 13100	Retribucións persoal laboral temporal. Administración xeral	287,91
134 13100	Retribucións persoal laboral temporal. Protección civil	3.443,62
241 13100	Retribucións persoal laboral temporal. Fomento de emprego	323,78
TOTAL		11.295,41 €

C) SUPLEMENTACIÓN DE CRÉDITO PARA GASTOS DE EMERXENCIA SOCIAL:

FUNCIONAL	ECONOMICO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
231	48000	Subvencións a familias e institucións sen fins de lucro. Acción social	2.000,00 €
TOTAL			2.000,00 €

➤ Financiamento procedente integramente de remanente líquido de tesouraría para gastos xerais.

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
870 00	Remanente de tesouraría para gastos xerais	235.295,31 €
TOTAL		235.295,31

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública e sempre e cando se reciba resposta á consulta efectuada á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro no sentido do avance, avalando a interpretación feita da disposición adicional sexta da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como no suposto do suplemento de crédito destinado a dar cumprimento a sentenza xudicial, que se notifique ao Concello de Vimianzo copia testimoniada da sentenza ordenando a súa execución, aos efectos de dar cumprimento aos requisitos que se establecen no artigo 173 do TRLFL.



Concello de Vimianzo

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.”

O alcalde explica que se trata de facer uso do remanente, e tras diversas consultas telefónicas da intervención co organismo de tutela financeira, é espera de que se resposte por escrito a consulta formulada, vaise empregar o remanente para tres finalidades concretas. En primeiro lugar, para financiar os gastos imputados a este exercicio 2014 que corresponden ao ano anterior. En segundo lugar, para incrementar as partidas de emerxencia social, e cita dúas actuacións moi singulares de emerxencia social: adaptar a reitoral de Cambeda para acoller a veciños sen teito, e con motivo dun acollemento familiar por parte dunha familia do municipio. E, en terceiro lugar, para pagar a parte correspondente da paga extra ao persoal laboral tras os recortes do goberno central do Sr. Rajoy, tras un recurso no que o goberno municipal se allanou, entendendo que o sindicato Comisións Obreiras tiña razón. Pensa que máis adiante haberá que facer o mesmo cos funcionarios.

O Sr. Miñones Riveiro sinala que en determinadas partidas coincide pero noutras non. Está totalmente dacordo en empregar o remanente na extra dos laborais e en emerxencia social, pero ~~critica outras aplicacións~~. Vaise abster.

O Sr. Soto Pérez tamén manifesta o seu acordo en adicar o remanente á paga extra e a emerxencia social pero non ao resto. Dille ao alcalde que se trae así a modificación van votar a favor. Recrimínalle que fixera un orzamento tal como todos saben e puido prever eses gastos. Non van apoiar esta modificación.

O Sr. Amado Sambade di que a este paso van facer unha modificación orzamentaria en cada pleno. Critica que o alcalde non pediu permiso para gastar eses cartos e agora pídeo para pagar. Non van votar a favor.

O Sr. Rodríguez Blanco di que están dacordo en pagar a extra e en emerxencia social. Sinala que as outras partidas nin se sabe para que son. Cita a partida “traballos doutras empresas” e pide que expliquen para que son eses cartos. Pregunta se o técnico municipal foi ver esas obras e dou o seu visto bo. Afirmo que as obras fanse mal e de feito hai uns días estiveron os obreros do concello dúas veces en poucos días para facer unha entrada e poñer uns tubos. Pregunta se a obra de Treos-Tines tamén vai nestas partidas. Se llo explican igual ata cambia o seu voto.

O Sr. Mancebo Amigo dille ao concelleiro non adscrito que vai ter que agochase debaixo da mesa despois da cantidade de burredas que acaba de dicir. Afirmo que esa obra está rematada, que o orzamento para este exercicio está equilibrado e trátase simplemente de repoñer partidas do orzamento vixente co importe do recoñecemento extraxudicial de créditos. Recrimínalle ao Sr. Rodríguez Blanco que non veña polo concello ver os expedientes e que non queira enterarse das cousas.

O voceiro do BNG critica que a oposición se adique a dinamizar proxectos do goberno. Di que non se enteran porque non veñen polo concello ver os expedientes. As comisións informativas duran cinco minutos e non se pregunta nada porque a intención da oposición é vir ao pleno facer comedia. Se votan en contra desta modificación despois terán que explicar a súa labor obstruccionista,

O Sr. Alcalde anuncia que haberá unha segunda quenda de intervencións.

O Sr. Miñones Riveiro declina intervir.

O voceiro de IxV di que a postura do seu grupo quedou bastante clara: se hai que repoñer esas partidas é porque ese diñeiro se gastou noutra cousa. Di que é o orzamento do alcalde.

Respecto aos traballadores e emerxencia social están dacordo, pero no resto non. Di que o goberno ven ao pleno presumir de xestión e resulta que non saben canto van pagar de persoal e de luz. Invita ao alcalde a modificar a proposta e facer un novo orzamento.

O alcalde replica que xa lle gustaría no mes de xaneiro saber o que vai custar a luz no mes de febreiro.

O Sr. Soto Pérez interrompe para dicir que o custo non é moi diferente.

O alcalde sinala que a sentenza é froito do allanamento do goberno, e xa querían introducilo no orzamento inicial pero non foi posible porque intervención dixo que non había fundamento. A sentenza notificouse á procuradora o 14 de xullo, moito despois da aprobación do orzamento. Afirmar que o concelleiro non adscrito non se entera e aclara que está todo pago e o que pretenden é repoñer o crédito do recoñecemento extraxudicial con cargo ao remanente. Non é certo que se gastaran os cartos das partidas noutra cousa. Di que a nova Corporación que saia das eleccións de maio do ano que ven terá a responsabilidade de facer un orzamento e tamén que estará condicionada a que se autorice esa modificación de crédito. Volve a dicir que non hai débedas, e parece mentira que o Sr. Rodríguez Blanco estea disposto a faer o ridículo con tal de contar unha mentira no pleno. Dille que respecto da obra Treos-Tines, debe informarse, e afirma que non é un político serio, xa se lle ve coas trifulcas que está montando no PSOE. Afirmar que o valor máis importante na política é a credibilidade.

O concelleiro non adscrito pide a palabra.

O alcalde dille que xa tivo a palabra e somete o asunto a votación, considerando que está suficientemente debatido.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por catro votos a favor do BNG, sete votos en contra de IXV, PP e concelleiros non adscritos, e unha abstención do PSOE, non aproba o ditame da comisión.

4. Aprobación da Conta Xeral do exercicio 2013.

De orde do alcalde, a secretaria procede a dar lectura á proposta da Alcaldía, de data 24 de setembro de 2014, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que a Conta Xeral do exercicio 2013, xunto coa documentación anexa á mesma foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Contas, Facenda, Orzamentos e Asuntos Económicos (que actúa tamén como Comisión Especial de Contas), na sesión celebrada en data 31 de maio de 2014.

Visto que o anuncio de exposición pública da mesma foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 110 de 11 de xuño de 2014, e que transcurrido o prazo de exposición pública, non se teñen presentado alegacións segundo se desprende do certificado emitido pola Secretaría Municipal do Concello de Vimianzo en data 23.07.2014.

Procede dar conta ao pleno de toda a documentación relacionada así como de conformidade co disposto no artigo 212.5 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei



Concello de Vimianzo

Reguladoras das Facendas Locais, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte acordo;

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2013 do Concello de Vimianzo.

SEGUNDO.- Proceder a render a mesma, conforme se determina no artigo 212.5 do RDL 2/2004 de 5 de marzo."

O alcalde explica que a conta xeral é un documento eminentemente contable e técnico, non é a política económica do goberno, para remitir ao Consello de Contas. Polo tanto deben discutirse aspectos contables. Apela á responsabilidade da Corporación, posto que de non rendirse a conta xeral non poden optar ás subvencións.
Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por cinco votos a favor do BNG e PSOE, sete abstencións e ningún voto en contra, acorda:

~~PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2013 do Concello de Vimianzo.~~

~~SEGUNDO.- Proceder a render a mesma, conforme se determina no artigo 212.5 do RDL 2/2004 de 5 de marzo.~~

5. Comunicados oficiais.

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta dos seguintes asuntos:

- Publicación no BOP nº 170 do 08/09/2014 do anuncio de aprobación definitiva da Ordenanza Fiscal nº 7, reguladota do IVTM;
- Publicación no BOP nº 174, do 12/09/2014 do anuncio de aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora das tarxetas de accesibilidade e estacionamento para persoas con minusvalía do concello de Vimianzo;
- Publicación no BOP nº 175, do 15/09/2014 do anuncio de aprobación definitiva da Ordenanza Fiscal nº 16, reguladora do ICIO;
- Publicación no BOP nº 177, do 17/09/2014 do anuncio de inicio de expediente de investigación do camiño da Estorrontada na paraxe coñecida coma "Os Penedos, no lugar de Cerbán, parroquia de Castrelo.

O Pleno dase por enterado.

6. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia adoptadas dende a sesión plenaria de carácter ordinario celebrada o 30 de agosto de 2014, isto é, dende a resolución núm. 1067, do 27/08/2014 ata a resolución núm. 1195, do 24/09/2014.

Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria e incorpóranse á presente acta como Anexo I.

7. Dación de conta do informe de intervención establecido no artigo 218 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O Sr. Alcalde dalle a palabra á interventora.

A interventora sinala que se dá cumprimento ao disposto no artigo 218 do RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, referente á rendición do informe previsto nese precepto.

O Pleno dáse por informado.

8. Dación de conta de informes económico-orzamentarios.

O Sr. Alcalde dalle a palabra á interventora.

A interventora sinala que se dá cumprimento ao previsto na normativa respecto dos informes de morosidade trimestrais e da execución orzamentaria.

O Pleno dáse por informado.

9. Mocións.

Non hai mocións.

10. Rogos e preguntas.

10.1. Grupo municipal do PSOE

O Sr. Miñones Riveiro ten un rogo e dúas preguntas.

Formula o rogo: se non temos comunicación respecto das reclamacións dos veciños do monte Milleira e monte Gorreis, que se pida unha entrevista cos veciños á Xunta.

Formula as preguntas:

1ª. ¿Que previsións hai para actuar na área recreativa do val de Baíñas?

2ª. ¿Que solicitudes de instalación de naves se presentaron no polígono industrial?

Ao respecto do rogo, o alcalde compártele totalmente e xa comentou no anterior pleno o tema a petición do PSOE. Estivo constantemente intentando falar co xefe territorial de Medio Rural, e despois de moitos intentos conseguiu falar con el e díxolle que estaba nos servizos xurídicos en Santiago. Antes do vindeiro pleno convocará a comisión para ver como está este asunto e traer unha proposta conxunta.

Dí que hai solicitudes para o polígono, e apareceu na prensa que unha empresa solicitara unha subvención no GDR para instalar pistas de padel no polígono, pero non lle consta que solicitara licenza no concello, non obstante é unha boa nova.

Respecto da área recreativa do val de Baíñas, a actuación prevista por este goberno é facer unha aula de interpretación da natureza para o disfrute dos veciños. Tendo en conta que está en solo rústico, en zona de policía de leitos, o que fixeron foi ir tramitando as autorizacións diante da Xunta e de Augas de Galicia. O proxecto está valorado nuns cento vinte mil euros.

10.2. Grupo municipal de IxV

O Sr. Soto Pérez comeza a súa intervención dicindo que o tema dos montes é recorrente nas preguntas dos últimos plenos. Parécelle que transcorreu tempo abondo (nove meses) para resolvelo, e di que xa non lle empeza a gustar este asunto. Ese é o seu rogo.

Sinala o voceiro de IxV que no anterior pleno pediulle ao alcalde que trouxera na orde do día un punto para reclamarse á Deputación sendas en Roalo e Tufións, pero o alcalde non o trouxo e ten que afearlo.



Concello de Vimianzo

Di que tamén foi iniciativa de IxV iniciar os trámites para modificar o IBI, naquelas zonas que non reciben tódolos servizos e pide que se recupere este tema.

Lembra que se falou nun pleno da posibilidade de que en Vimianzo se instalase unha pista de padel e pregunta se concederon esa subvención.

Pregunta se existe unha data previsible para o inicio das obras de Tedín.

Di que estiveron con el uns veciños de Sansobre e pregunta cales son as dificultades das obras de saneamento que se están facendo alí.

Sinala que os veciños piden que se recupere un paso peonil xunta Correos, pide que se faga algo dende o concello se é posible.

O alcalde responde que esa petición xa se tramitou, pero pintalo é competencia da Xunta de Galicia. Di que nada máis chegar á Alcaldía estaban pintando a estrada e conseguiron que non fixeran certas actuacións, coma eliminar aparcamentos ou pasos de peóns.

O alcalde di que en Sansobre non hai ningún problema. Explica que está previsto un pozo de bombeo e as casas que están enfrente non poden enganchar polo desnivel. Estanse facendo as xestións pertinentes diante de Augas de Galicia para trasladar ese pozo de bombeo. Non hai modificado do proxecto de obras, senón reubicación do pozo de bombeo.

A rúa Tedín está incluída nunha obra do DTC e aínda chegou recentemente a circular para contratar, habendo prazo ata o 21 de decembro. Van iniciar os trámites para contratar nos vindeiros días.

Di o alcalde que a subvención da pista de padel veu denegada, pero en calquera caso esa actuación ten cabida noutras subvencións.

A modificación do IBI falouse cos técnicos e venlle moitas dificultades para cuantificar as vivendas afectadas. Invita ao voceiro de IxV a ter unha reunión cos técnicos para tratar este tema. O que sí fixeron foi pedir a exención do incremento do IBI.

As actuacións en Roalo e Tufiós estanse tramitando e vanse traer ao vindeiro pleno.

Ao respecto dos montes, di que agora vai pasar da condición de alcalde a membro dun grupo político, e neste papel manifesta que lle parece unha tomadura de pelo porque foi unha folla de ruta que lles marcou a Xunta. Di que para que falara con el o xefe territorial tivo que "ameazalo" con plantarse alí cos veciños. Di que fixo unhas cincuenta chamadas este mes e todo eran excusas para fixar unha reunión.

10.3. Grupo municipal do PP

O Sr. Amado Sambade rógalle que conte coa comisión de festas para xustificar a subvención da Faguía e pregunta porque o libro do ano anterior non leva o logo da Xunta, que tamén o financiou.

O alcalde di que houbo un erro de edición e lembra que tivo que facer un bando aclarando unha polémica que xerou o voceiro do PP. Di que este ano para facer o vídeo evidentemente que conta coa comisión e festas e con tódolos veciños. Di que viu o trailer e é satisfactorio para divulgar a festa, que non é a festa dos callos, senón unha festa de grande tradición histórica.

10.4. Non adscritos

O Sr. Rodríguez Blanco rógalle - aínda que esto debería facelo o Sr. Miñones, aclara - que o Sr. Alcalde deixe de manipular aos militantes do PSOE e se adique ao seu partido, que ten abondo que facer.

Seguindo cos rogos, pregunta como está o expediente do arquitecto municipal, porque os veciños están preocupados e non saben a onde ir, e o alcalde bóttalle a culpa aos técnicos de todo.

Pregunta o concelleiro non adscrito cando se vai poñer en funcionamento a depuradora que está no cruce do Outeiro e na Gándara.

Pregunta se hai un modificado nas obras de saneamento de Manlle e Urroa.

O alcalde contesta que só lle faltou falar de Xosé Trillo, cousa que non lle extraña á vista do que anda dicindo por aí do Sr. Miñones.

O Sr. Miñones Riveiro pide que se retire a pregunta concerniente ao PSOE porque este non é o foro para tratar eses temas.

O alcalde quere aclarar unha cousa: respeta moito ao PSOE porque cre no pluralismo político, e por iso espera que arranxe as súas diferencias. Afirmo que a sociedade sabe quen anda montando os follóns.

O Sr. Rodríguez Blanco interrompe...

O alcalde contesta á pregunta sobre o expediente do arquitecto...


O Sr. Rodríguez Blanco volve a interromper...

O alcalde di que o concelleiro non adscrito é coñecido nos plenos por montar follóns. Fállle dúas advertencias e pide que lle permita falar. Di que o alcalde é o responsable das súas actuacións e os funcionarios son os responsables dos seus informes, e neles se fundamenta o alcalde para tomar as súas decisións. Pídelle ao Sr. Rodríguez Blanco que respete o expediente disciplinario e deixe de condicionalo a través dos medios e dos plenos. Foi instruído por funcionarios, non polos políticos, fíxose unha proposta de suspensión de funcións por catro anos, o arquitecto solicitou a suspensión cautelar da executividade da sanción e a Segunda Tenente de Alcalde concedeuna entendendo que deben darse as máximas garantías.

Respecto da miniedar de Baíñas, o alcalde di que se poñerá en funcionamento os próximos días, e vaise licitar o saneamento no Outeiro próximamente. O saneamento de Manlle e Urroa é unha obra da Xunta, e polo tanto o órgano de contratación forma parte da administración autonómica e a dirección de obra ten que rendir contas diante da Xunta.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as doce horas e oito minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o vinte e sete de agosto de dous mil catorce.

ALCALDE



CONCELLO DE
VIMIANZO (A CORUÑA)

A SECRETARIA



CONCELLO DE
VIMIANZO (A CORUÑA)


Nº Decreto	Nº de Expediente	Asunto	Fecha Firma
1067/2014	2014/G003/000399	BAIXA DE LIQUIDACIONES DE DANIEL FERREIRO RODRIGUEZ POLA VIVENDA SITA NA RUA BRAÑA DA GRIFA, 8 - 4ºD, VIMIANZO POR SER O BANCO PASTOR SA O NOVO PROPIETARIO DESDE 17/06/2011 SEGUNDO AUTO DE EJECUCION HIPOTECARIA DO XULGADO DE 1ª INSTANCIA Nº 1 DE CORCUBION	27/08/2014
1068/2014	2014/G003/000848	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DA AUGA DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DO ARXOMIL, 13, PARROQUIA DE TRESOS.	27/08/2014
1069/2014	2014/G003/000850	CORRECCION DE ERRO EN RESOLUCION NUMERO 1067/2014 DO 27/08/2014	28/08/2014
1070/2014	2014/G003/000851	COMUNICACIÓN PREVIA FESTAS DE SANTA FILOMENA EN SANFINS O 30/08/2014	28/08/2014
1071/2014	2014/G003/000853	APROBACION CERTIFICACION NUM. 1 DA OBRA MELLORA DE FIRME, BORDOS E BEIRAVIAS E CUNETAS DA ESTRADA MUNICIPAL DE TINES A QUINTANS, E ACORDO DE ORDENACION DE PAGO DA MESMA	28/08/2014
1072/2014	2014/G003/000854	APROBACION CERTIFICACION NUM. 1 DA OBRA MELLORA DE FIRME, BORDOS E BEIRAVIAS E CUNETAS DA ESTRADA MUNICIPAL DE TINES A QUINTANS, E ACORDO DE ORDENACION DE PAGO DA MESMA	28/08/2014
1073/2014	2014/G003/000855	E ACORDO DE ORDENACION DE PAGO DA MESMA	28/08/2014
1074/2014	2014/G003/000852	SUBVENCIÓN NOITEBUS	28/08/2014
1075/2014	2014/G003/000849	NOMINA SALARIOS DO MES DE AGOSTO 2014	28/08/2014
1076/2014	2014/G003/000856	RMTD DECRETO DE INICIO SANCIONS DE TRAFICO DII (P2706)	28/08/2014
1077/2014	2014/G003/000857	ADXUDICACION DO CONTRATO MENOR PARA A EXECUCION DO PROXECTO DE "RUTA PEONIL DE SENDEIRISMO ENTRE AS BRAÑAS DE QUINTANS E A IGREXA PARROQUIAL DE TRESOS".	29/08/2014
1078/2014	2014/G003/000858	SOLICITUDE DE COLABORACION PARA AS FESTAS PATRONAIS DE BAINAS	29/08/2014
1079/2014	2014/G003/000859	REINCORPORACION DE D.MANUEL ANTELO PAZOS A ALCALDIA	29/08/2014
1080/2014	2014/G003/000860	APROBACION DO PADRON DO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIROS CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DO ANO 2014	01/09/2014
1081/2014	2014/G003/000861	RENOVACION DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON GRAVES PROBLEMAS DE MOBILIDADE DO SEÑOR JUAN MANUEL MIRANDA RAMA. DNI: 52430455T.	02/09/2014
1082/2014	2014/G003/000862	SOLIC ALTA NO PMH DE MATIAS CUMPLIDO BLANCO EN A PIROGA. 6-3º D-BAMIRO	02/09/2014
1083/2014	2014/G003/000863	SOLIC CAMBIO DE DOMICILIO NO PMH DE EMERITA MIÑONES BERMUDEZ E MARIA PAADIN MIÑONES PARA URRUA, 13	02/09/2014
1084/2014	2014/G003/000864	SOLIC ALTA NO PMH LAURA GERPE MENDEZ PARA TRAS DO CEAN, 21, CARANTONA	02/09/2014
1085/2014	2014/G003/000865	SOLIC ALTA NO PMH MARIA IRENE AMEIJENDA MOURELE, AARON BARDANCA AMEIJENDA E BRAIS BARDANCA AMEIJENDA PARA A PIROGA, 52-1º, BAMIRO	02/09/2014
1086/2014	2014/G003/000866	RENOVACION DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON GRAVES PROBLEMAS DE MOBILIDADE DA SEÑORA BALBINA MOUZO PAIS. DNI: 76342097Z.	02/09/2014
1087/2014	2014/G003/000867	SOLIC ALTA NO PMH DESTE CONCELLO DE ISABELLA VICTORIA ANDRADE PAEZ NA RUA FONTE DOS CABALOS, 4-1º D	02/09/2014
1088/2014	2014/G003/000868	SOLIC BAIXA NO PMH NA RUA A VAZQUEZ MOUZO, 28-3º D POR MARCHAR PARA BRASIL	02/09/2014
1089/2014	2014/G003/000870	EXPEDIENTE COMUNICACION PREVIA DE OBRAS MENORES NUM. 2014/U009/000060 PROMOVIDO POR D. MANUEL ROEGELO SANTOS RAMOS	02/09/2014
1090/2014	2014/G003/000871	SOLIC ENGANCHE DE SUMIDOIRO A TUFIONS, 34-CEREIXO	02/09/2014
1091/2014	2014/G003/000872	BAIXAS DE CAMBIO DE MUNICIPIO E DEFUNCIONS DO FICHEIRO H150921A.814 MODIFICACIONES EN INSCRIPCIONS DE HABITANTES REFERENTES A INCIDENCIA 140 DO FICHEIRO H150921A.814	02/09/2014



1092/2014	2014/G003/000873	MODIFICACIONS EN INSCRICIONS DE HABITANTES REFERENTES A INCIDENCIA 135 DO FICHEIRO H150921A.814	02/09/2014
1093/2014	2014/G003/000874	APROBACION DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE "RUTA PEONIL DE SENDEIRISMO ENTRE AS BRAÑAS DE QUINTÁNS E A IGREXA PARROQUIAL DE TRESOS".	02/09/2014
1094/2014	2014/G003/000889	EXPEDIENTE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000063 PROMOVIDO POR D. ARTURO CERNADAS RODRIGUEZ	03/09/2014
1095/2014	2014/G003/000875	EXPEDIENTE COMUNICACION PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000072 PROMOVIDO POR D. GERARDO PAZ MARTINEZ	03/09/2014
1096/2014	2014/G003/000876	TOMAR RAZÓN DA OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MÁQUINA ELEVADORA NA RUA BLANCO RAJOY 57, VIMIANZO, REALIZADA POR D. MANUEL ROMERO LAVANDEIRA	03/09/2014
1097/2014	2014/G003/000877	TOMAR RAZÓN DA OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MÁQUINA ELEVADORA (TIPO XIRAFÁ) NA RUA EVARISTO MARTELO, VIMIANZO, REALIZADA POR D. MANUEL ANTELO VAZQUEZ	03/09/2014
1098/2014	2014/G003/000878	TOMAR RAZÓN DA OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MÁQUINA ELEVADORA (TIPO XIRAFÁ) NA RUA EVARISTO MARTELO, VIMIANZO.	03/09/2014
1099/2014	2014/G003/000879	EXPEDIENTE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000074 PROMOVIDO POR D. MANUEL ALVARELLOS CASTIÑEIRA	03/09/2014
1100/2014	2014/G003/000880	EXPEDIENTE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000075 PROMOVIDO POR D. AMADOR MANUEL RAMOS CASTRO	03/09/2014
1101/2014	2014/G003/000881	TOMAR RAZÓN DA OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON CONTENEDOR E MALLAS METÁLICAS NA RUA CANDIL 14, VIMIANZO.	03/09/2014
1102/2014	2014/G003/000882	EXPEDIENTE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000076 PROMOVIDO POR D.º AMPARO LEMA VIDAL	03/09/2014
1103/2014	2014/G003/000883	BAIXA NO SERVIZO DE COMEDOR SOBRE RODAS MUNICIPAL DA SENORA MERCEDES MIRONES ANTELO, DNI: 32232072X.	03/09/2014
1104/2014	2014/G003/000884	AUTORIZACION DE USO DE LOCAL MUNICIPAL SOLICITADO POR D. JOSÉ MARIA ROCHA RODRIGUEZ	03/09/2014
1105/2014	2014/G003/000885	APROBACION DA LISTAXE DE USUARIOS POR UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL CORRESPONDENTE Á TAXA POR PRESTACION DE SERVIZOS E UTILIZACION DE INSTALACIONS CULTURAS, EDUCATIVAS, DEPORTIVAS E ANALOGOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO MES DE AGOSTO DO ANO 2014	03/09/2014
1106/2014	2014/G003/000886	SOLIC ALTA NO PMH DE JOSE PARDO MOSQUERA NA RUA TORRE, 5 A (GERIATRICO)	03/09/2014
1107/2014	2014/G003/000887	MODIFICACIONS EN INSCRICIONS DE HABITANTES REFERENTES A INCIDENCIA 131 DO FICHEIRO H150921A.714	03/09/2014
1108/2014	2014/G003/000888	MODIFICACIONS EN INSCRICIONS DE HABITANTES REFERENTES A INCIDENCIA 131 DO FICHEIRO H150921A.814	03/09/2014
1109/2014	2014/G003/000889	SOLIC ALTA PMH DE FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ ORDONEZ PARA CALO, 13	03/09/2014
1110/2014	2014/G003/000890	NOMEAMENTO DE TESOUREIRO ACCIDENTAL POR VACACIONS DO TITULAR	03/09/2014
1111/2014	2014/G003/000891	SOLIC A BAIXA NO PADRON DE AUGA DA VIVENDA SITA EN MOUZO 39	04/09/2014
1112/2014	2014/G003/000892	NOMEAMENTO DE INTERVENTOR ACCIDENTAL	04/09/2014
1113/2014	2014/G003/000893	SOLICITUDE LICENZA VERBENA NA HONRA DE SANTO ANTOIÑO EN BAIÑAS OS DIAS 5 E 6 DE SETEMBRO 2014	04/09/2014




1114/2014	2014/G003/000894	APROBACION DE GASTO POR COTIZACIONES DE MUFACE E COTAS DE CLASES PASIVAS DO MES DE AGOSTO/2014 DO ALCALDE DON MANUEL ANTELO PAZOS.	04/09/2014
1115/2014	2014/G003/000895	SOLICITUDE DE COLABORACION PARA AS FESTAS DE SAN MIGUEL DE TRESOS	04/09/2014
1116/2014	2014/G003/000896	RMTD DECRETO DE INICIO SANCIONS DE TRAFICO DII (P2720)	04/09/2014
1117/2014	2014/G003/000897	APROBACION DA RELACION DE FACTURAS NUM. F/2014/9 E XUSTIFICANTES DE PAGO, RECOÑECEMENTO E ORDEACION DO PAGO	05/09/2014
1118/2014	2014/G003/000898	SOLICITUDE DE TRANSMISION DE LICENZA DE AUTO.-TAXA NÚM. 16 PROMOVIDA POR D. ANTONIO FIGUEIRAS CAAMAÑO	05/09/2014
1119/2014	2014/G003/000899	CORRECCION ERRO NA RESOLUCION NUM. 1117/2014	05/09/2014
1120/2014	2014/G003/000901	CONTRATACION DUN OFICIAL DE SEGUNDA DE ALBANEL PARA CUADRILLAS DE OBRAS E SERVIZOS MINIMOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIMIANZO.	05/09/2014
1121/2014	2014/G003/000900	CONTRATACION DE DOUS PEONS PARA CUADRILLAS DE OBRAS E SERVIZOS MINIMOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIMIANZO.	05/09/2014
1122/2014	2014/G003/000902	APROBACION DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACION, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO E URXENTE DO PROXECTO "I.E 2014:REFORMA DE ALUMEADOS", CARBALLO 2014. FORUM CARBALLO, DIAS 19,20 E 21/9/14	08/09/2014
1123/2014	2014/G003/000903	APROBACION DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACION, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO E URXENTE DO PROXECTO "I.E 2014:REFORMA DE ALUMEADOS", CARBALLO 2014. FORUM CARBALLO, DIAS 19,20 E 21/9/14	08/09/2014
1124/2014	2014/G003/000904	SOLIC AUTORIZACION PARA COLOCAR CARTELERIA NESTE CONCELLO. FEIRA MULTISECTORIAL DE EXPEDIENTE COMUNICACION PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000073 PROMOVIDO POR D. JOSE AGUIAR GONZALEZ	09/09/2014
1125/2014	2014/G003/000905	EXPEDIENTE COMUNICACION PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000078 PROMOVIDO POR D. MANUEL REGO BLANCO	09/09/2014
1126/2014	2014/G003/000906	BAIXA NO SERVIZO DE COMEDOR SOBRE RODAS MUNICIPAL DA SENORA HERMINIA MOURELLE SUAREZ. DNI. 76316659Z POR FACECEMENTO	09/09/2014
1127/2014	2014/G003/000907	SOLIC. DE CAMBIO DE TITULAR DOS RECIBOS DE AUGA	09/09/2014
1128/2014	2014/G003/000908	EXPEDIENTE COMUNICACION PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000070 PROMOVIDO POR D. EMILIO DOMINGO SUAREZ BLANCO	09/09/2014
1129/2014	2014/G003/000909	SOLIC. CAMBIO DE TITULAR DOS RECIBOS DE AUGA	09/09/2014
1130/2014	2014/G003/000910	EXPEDIENTE COMUNICACION PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000070 PROMOVIDO POR D. EMILIO DOMINGO SUAREZ BLANCO	09/09/2014
1131/2014	2014/G003/000911	APROBACION DOS PADRONS FISCAIS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF), CORRESPONDENTES AO MES DE AGOSTO DE 2014	09/09/2014
1132/2014	2014/G003/000912	SOLIC CAMBIO DE TITULARIDADE RECIBOS DE AUGA E LIXO EN CARNES, 16 C. BAIXA DE JEANOT RENE HENRI PERELLO	10/09/2014
1133/2014	2014/G003/000913	SOLIC CAMBIO DE TITULARIDADE RECIBOS DE AUGA E LIXO EN CARNES, 16 C. BAIXA DE JEANOT RENE HENRI PERELLO	10/09/2014
1134/2014	2014/G003/000914	SOLIC DE COLECTORES DO LIXO, VALLAS, GATTEIROS, LIMPEZA DO CAMPO, ALUMBRADO E PROTECCION CIVIL PARA O 18 E 19/9/14, FATIMA EN CAMBEDA	10/09/2014
1135/2014	2014/G003/000915	PAGO GASTOS INSTRUTOR EXPEDIENTE ED/02/2013.	10/09/2014



1136/2014	2014/G003/000916	SOLIC ALTA NO PMH NEREA TRILLO PEREZ	16/09/2014
1137/2014	2014/G003/000917	SOLIC ALTA PMH SHIRLEY KATHERINE ROJAS VARGAS	11/09/2014
1138/2014	2014/G003/000918	SOLIC ALTA NO PMH DE MANUEL CARRIL DIOS E JULIA ELISA MOUZO LEMA EN CALO. 21	11/09/2014
1139/2014	2014/G003/000919	BAIXAS DE CAMBIO DE MUNICIPIO E DEFUNCIONS DO FICHEIRO H150921A.914	11/09/2014
1140/2014	2014/G003/000920	SOLICITUDE DE PERMISO DE PATERNIDADE PRESENTADO POR D.CALIXTO GONZALEZ ARIAS	12/09/2014
1141/2014	2014/G003/000921	SOLIC SALA DE CONFERENCIAS DA CASA DA CULTURA PARA O 19/9/14 AS 20:30 H PARA AMPLA SAN VICENZO	12/09/2014
1142/2014	2014/G003/000922	ACEPTACION DE DUAS RENUNCIAS DE PEON DE DESBROCE A NUCLEOS DE POBOACION E NOMEAMENTO DOUTROS DACORDO COA LISTAXE DE RESERVA.	12/09/2014
1143/2014	2014/G003/000923	SOLIC CONCESION ENGANCHE DE AUGA PARA A VIVENDA SITA EN BOALLO 1 BERDOIAS	12/09/2014
1144/2014	2014/G003/000924	SOLICITUDE DE COLABORACION PARA A CELEBRACION DOS FESTEXOS NA HONRA DE NOSA SRA. DE FATIMA O DIA 20 DE SETEMBRO DE 20014	15/09/2014
1145/2014	2014/G003/000925	CONSTITUCION E CONVOCATORIA DA MESA DE CONTRATACION PARA A EXECUCION DO PROXECTO DENOMINADO "ILE 2014:REFORMA DE ALUMEAOS".	15/09/2014
1146/2014	2014/G003/000926	CONSTITUCION E CONVOCATORIA DA MESA DE CONTRATACION PARA A EXECUCION DO PROXECTO DENOMINADO "AFORRO ENERXETICO E FOMENTO DO USO DE ENERXIAS RENOVABLES NO CONCELLO DE VIMIANZO MEDIANTE A INSTALACION DE MINEOLICA NO PARQUE EMPRESARIAL".	15/09/2014
1147/2014	2014/G003/000927	EXPEDIENTE COMUNICACION PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000081 PROMOVIDO POR D. TIRSO PEREZ RODRIGUEZ	17/09/2014
1148/2014	2014/G003/000928	BAIXAS DE CAMBIO DE PAIS DO FICHEIRO H150921A.814	17/09/2014
1149/2014	2014/G003/000929	EXPEDIENTE COMUNICACION PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000084 PROMOVIDO POR D.ª MARIA PILAR GERPE TEDIN	17/09/2014
1150/2014	2014/G003/000930	SOLICITUDE DE LICENZA PARA CELEBRACION DE FESTAS NA HONRA DA VIRXE DA FATIMA EN CAMBEDA OS DIAS 18 E 19 DE SETEMBRO DE 2014	17/09/2014
1151/2014	2014/G003/000931	MODIFICACION EN INSCRICIONS DE HABITANTES REFERENTES A INCIDENCIA 140 DO FICHEIRO H150921A.914	17/09/2014
1152/2014	2014/G003/000932	MODIFICACION EN INSCRICIONS DE HABITANTES REFERENTES A INCIDENCIA 135 DO FICHEIRO H150921A.914	17/09/2014
1153/2014	2014/G003/000933	MODIFICACION EN INSCRICIONS DE HABITANTES REFERENTES A INCIDENCIA 139 DO FICHEIRO H150921A.914	17/09/2014
1154/2014	2014/G003/000934	MODIFICACION EN INSCRICIONS DE HABITANTES REFERENTES A INCIDENCIA 131 DO FICHEIRO H150921A.914	17/09/2014
1155/2014	2014/G003/000935	ALTA POR NACEMENTO NO PMH DE LAURA VICTORIA ARAN AMADO	17/09/2014
1156/2014	2014/G003/000936	SOLIC ALTA NO PMH DE MARIA TERESA LOPEZ RODRIGUEZ EN CALABANDA. 27-CALO	17/09/2014
1157/2014	2014/G003/000938	SOLIC BAIXA NO IMPOSTO POLA RECOLLIDA DO LIXO NO CEAN. 7-BAMIRO POR NON SER AHORA O PROPIETARIO	17/09/2014
1158/2014	2014/G003/000939	SOLIC ALTA NO PMH MARGARITA PEREZ BLANCO PARA PADREIRO DE ABAIXO. 12. BAINAS	17/09/2014
1159/2014	2014/G003/000940	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMINACION POR IAGO GARCIA CAAMANO	17/09/2014
1160/2014	2014/G003/000937	NOMINAS FINIQUITO SOCORRISTAS DA PISCINA E PEON DESBROCE 2014	18/09/2014
1161/2014	2014/G003/000941	AUTORIZACION PARA SUSTITUIR O VEHICULO ADSCRITO A LICENZA DE AUTO-TAXI NUM. 2 PROMOVIDA POR D. JOSE MANUEL MOUZO DIEGUEZ	18/09/2014



1162/2014	2014/G003/000942	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO POR FERMIN PEREZ CUNDINS	18/09/2014
1163/2014	2014/G003/000943	CONCESIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR SOBRE RODAS MUNICIPAL PARA A SEÑORA JOSEFINA LAVANDEIRA ANDUJAR, DNI 32232289B.	18/09/2014
1164/2014	2014/G003/000944	INFORME SOBRE ROTURA DE BACULO ALUMEADO PUBLICO EN RUA VILAR	18/09/2014
1165/2014	2014/G003/000945	SOLIC. DE MODIFICACION DE DATOS NO PMH DE HECTOR GARCIA QUINONES	18/09/2014
1166/2014	2014/G003/000946	SOLIC. UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL POR VIVANA GONZALEZ CASTRO	19/09/2014
1167/2014	2014/G003/000947	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL POR MARIA CARMEN CASTRO CASTINEIRA	19/09/2014
1168/2014	2014/G003/000948	EXPEDIENTES SANCCIONADORES DE MULTAS DE TRAFICO	19/09/2014
1169/2014	2014/G003/000949	REVISIÓN DO BAREMO DE MIRIAM FERNÁNDEZ MIÑONES NA EIM POR CAMBIOS NA SITUACIÓN LABORAL DA NAI	19/09/2014
1170/2014	2014/G003/000950	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DA AUGA DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DE CARNES, 78	19/09/2014
1171/2014	2014/G003/000951	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DA AUGA DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DE BAMIRO, 11	19/09/2014
1172/2014	2014/G003/000952	REVISIÓN DO BAREMO DE PABLO CALZAS MOREIRA NA EIM POR CAMBIOS NA SITUACIÓN LABORAL DA EIM	19/09/2014
1173/2014	2014/G003/000953	INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE DA VIVENDA CON REF. CATASTRAL 2872501NH0727S0001JQ, SITUADA NA PIROGA, PARROQUIA DE BAMIRO, PROMOVIDA POR FELIPE ORONS BAÑA	22/09/2014
1174/2014	2014/G003/000954	CALIFICACIÓN URBANÍSTICA DA FINCA 670 DO POLIGONO 501, PROMOVIDA POR D.ª CARINA CASTRO MARTINEZ	22/09/2014
1175/2014	2014/G003/000955	CALIFICACIÓN URBANÍSTICA DA FINCA 1237 DO POLIGONO 501, PROMOVIDA POR D.ª ALBA MARIA LOPEZ MOUZO	22/09/2014
1176/2014	2014/G003/000956	ALTA NO PMH DE JOSE ANTONIO BENDANA RODRIGUEZ PARA A RUA TRAS DO MUINO D. 4-1º ESC.	22/09/2014
1177/2014	2014/G003/000957	CORRECCION ERROS NA RESOLUCION NUM 1160/2014 DE APROBACION NOMINAS FINQUITO SOCCORRISTAS DA PISCINA E PEON DESBROCE 2014	22/09/2014
1178/2014	2014/G003/000958	SOLICITUDE DE BAIXA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE VIMIANZO DE AZUENA MOREIRA MIRANDA	22/09/2014
1179/2014	2014/G003/000959	SOLICITUDE DE BAIXA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE VIMIANZO DE FRANCISCO JAVIER SANTOS VARELA	22/09/2014
1180/2014	2014/G003/000960	APROBACION DA LISTAXE DE USUARIOS POR UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL MES SETEMBRO 2014	22/09/2014
1181/2014	2014/G003/000961	SOLIC. CAMBIO DE DOMICILIO NO PMH D.ª BEATRIZ MOUZO MACEIRAS PARA CALO, 5	22/09/2014
1182/2014	2014/G003/000962	ALTA NO PMH DE JESUS RAMA ANTELO PARA O LUGAR DE TUFIONS, 52, PARROQUIA DE CEREIXO	22/09/2014
1183/2014	2014/G003/000963	ALTA NO PMH DE JESUS FIGUEIRAS CAMAÑO PARA TUFIONS, 48, PARROQUIA DE CEREIXO	22/09/2014
1184/2014	2014/G003/000964	SOLIC. ALTA NO PMH DE ANA SANTOS BARCIA EN BRAÑO, 52-CARANTONA	22/09/2014
1185/2014	2014/G003/000965	BAIXA VOLUNTARIA NA EIM DE PABLO CALZAS MOREIRA	22/09/2014
1186/2014	2014/G003/000966	CAMBIO DE XORNADA E ALTA NO SERVIZO COMPLEMENTARIO DE COMEDOR NA EIM DE MIRIAM FERNANDEZ MIÑONES	22/09/2014
1187/2014	2014/G003/000967	CAMBIO DE HORARI NA EIM DE MATIAS CUMPLIDO BLANCO	23/09/2014
1188/2014	2014/G003/000968	SOLICITUDE DE COLABORACION PARA A REALIZACION DA CELEBRACION DO DECIMO ANIVERSARIO DA FUNDACION DO FISOBER, FSF.	23/09/2014



1189/2014	2014/G003/000969	CORRECCION ERRO COMETIDO NA RESOLUCION DA ALCALDIA NUM. 1175/2014	23/09/2014
1190/2014	2014/G003/000970	INCLUSIÓN DE MARÍA CASTIÑEIRA SANTOS NA LISTA DE ESPERA DA EIM POLO SERVIZO COMPLEMENTARIO DE TRANSPORTE	23/09/2014
1191/2014	2014/G003/000971	PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MIXTO DE OBRA E SUBMINISTRACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO "AFORRO ENERXÉTICO E FOMENTO DO USO DE ENERXIAS RENOVABLES NO CONCELLO DE VIMIANZO MEDIANTE INSTALACIÓN DE MINIEOLICA NO PARQUE EMPRESARIAL".	23/09/2014
1192/2014	2014/G003/000972	SOLIC. ALTA NO PMH DE ZAKIYA SRAOULOU E M'HAMED RIDA CANDELARIA EN RUA BLANCO RAJOY, 89-2º D	23/09/2014
1193/2014	2014/G003/000973	SOLICITUDE DE USO DO XIMNASIO MUNICIPAL POR DIEGO AGRA RIAL	24/09/2014
1194/2014	2014/G003/000974	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE USO DE LOCAL MUNICIPAL SOLICITADO POR SONIA MARTINEZ LEMA	24/09/2014
1196/2014	2014/G003/000975	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE USO DE LOCAL MUNICIPAL SOLICITADO POR D. OSCAR SANTOS RODRIGUEZ	24/09/2014

